



Concello de Muros
AREA DE URBANISMO

FORMULARIO PARA CUBRIR COA DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

Sinale os cadros que correspondan en cada caso coa documentación que se achega xunto coa solicitude, coa xustificación no apartado de observacións da documentación que no se poida achegar. Advírtese que a persoa que asina é responsable da súa veracidade. Asemade e de conformidade co artigo 14.4 do Regulamento de disciplina urbanística de Galicia do 21/09/1999, advírtese que, presentado o proxecto técnico, adquire o carácter de documento público, e da exactitude e veracidade dos datos técnicos asinados nel, responde o/a autor/a para tódolos efectos.

LICENZA PARA REFORMAS EN EDIFICACIÓN

- Impreso de solicitude (por duplicado) e xustificante do pagamento de taxas

Solicitante:

- Persoa física: fotocopia DNI
- Persoa xurídica: a persoa que asina a petición achegará documentación acreditativa da súa representación (fotocopia DNI e de escritura de constitución da sociedade, poder, etc.)
- Escritura pública de propiedade da edificación

Documentación:

- Proxecto técnico completo (memoria, planos, prego de condicións e orzamento detallado redactado por técnico competente e visado polo respectivo colexio profesional. Contará coa documentación mínima esixida pola lexislación vixente (CTE) (2 copias para o caso de actuacións en edificacións catalogadas ou incluídas nun ámbito de protección)
- Oficio de dirección das obras.
- Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento asinado polo solicitante e polo técnico redactor do proxecto.
- Estudio de Seguridade e Saúde segundo RD 1627/1997 redactado por técnico competente e visado polo respectivo colexio profesional (ou certificación de habilitación colexial na que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade).
- Nomeamento de Coordinador de Seguridade e Saúde nas obras.
- Estudio de Xestión de Residuos segundo RD 105/2008 redactado por técnico competente e visado polo respectivo colexio profesional (ou certificación de habilitación colexial na que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade).
- Reportaxe fotográfica da edificación asinada polo solicitante e polo técnico redactor do proxecto.

Situación Urbanística da Edificación:

- Edificación non está fora de ordenación, nin catalogada ou nin incluída nun ámbito de protección
- Edificación fora de ordenación por total incompatibilidade co PXOM: Soamente se autorizarán obras de simple conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente (segundo o disposto no artigo 179.1 das ordenanzas do PXOM.
- Edificación fora de ordenación por ser parcialmente incompatibles co PXOM: Documento suscrito polos propietarios do inmovible coa renuncia ó incremento do valor da edificación polas obras de consolidación ou reparación, para o caso de expropiación do inmovible (segundo o disposto no artigo 181.c das ordenanzas do PXOM sobre efectos da cualificación como fora de ordenación)
- Edificación catalogada, cualificada con nivel de catalogación 1 ou 2 dentro do ámbito B.I.C Conxunto Histórico – Artístico de Muros ou incluída nun ámbito de protección.
- Autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

A solicitude de licenza non exime da obtención das autorizacións previas preceptivas derivadas da aplicación da lexislación sectorial a edificación

OBSERVACIÓNS:

Muros, a de de 20....

Sinatura